

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día once de outubro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de outubro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 4 de outubro de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 23 de setembro de 2022, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 10 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, e se convcoan para o ano 2022. DOG núm. 191, do 06-10-2022.

- Resolución do 27 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publican os concellos e as entidades (asociacións e comunidades de montes veciñais en man común) beneficiarios das subvencións concedidas en virtude da Orde do 20 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724B). DOG núm. 193, do 10-10-2022.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes – Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación inicial da modificación do Regulamento de funcionamento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación da Coruña. BOP núm. 193, do 11-10-2022.

### **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

#### **3.1. PRÓRROGA Á ANUALIDADE 2023, DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE “INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON XÓVENES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL A REALIZAR NA CASA DA XUVENTUDE – CASA DAS PALMEIRAS”. EXPEDIENTE 2022/C004/000004**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de outubro de 2022 (CVD: QLtfFHYliGOOBmvndE4a), relativa á aprobación da prórroga á anualidade 2023 do servizo de intervención socioeducativa con xóvenes do expediente de contratación 2022/C004/000004, que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Serviplus Total, S.L.” o contrato para a execución do servizo de “Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na casa da xuventude - Casa das Palmeiras do Concello de Cambre”, cun prazo de duración de 2 anos dende a súa formalización, prorrogable por un 1 ano mais, por importe de 51.644,00 euros sen IVE, 56.808,40 euros IVE incluído, formalizándose dito contrato con data 13 de outubro de 2020.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, establécese que o contrato poderá prorrogarse “previo acordo do órgano de contratación adoptado ao menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”:

*“De conformidade coa cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, a duración do contrato será dende a sinatura do mesmo en documento administrativo e durante un prazo de dous anos que poderá ser obxecto dunha prórroga anual, **previo acordo do órgano de contratación adoptado ao menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.***

*A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista a teor do establecido no art. 29.2 da LCSP”.*

Visto que con data de 1 de setembro de 2022, rexistrouse de entrada, ao número 202299900004736, escrito da empresa adjudicataria solicitando a continuidade do servizo e, polo tanto, a prórroga do contrato por un ano mais.

Visto que con data de 19 de setembro de 2022, polo responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas municipal, emítese informe (CVD: 4Q4tJqt+eT/LswyNsALY) no que, entre outras cousas se



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

sinala: “ (...)que a empresa axudicataria cumpre satisfactoriamente o antedito contrato, polo que o funcionario informante non atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato(...)”.

Visto o informe desfavorable da técnica de xestión de administración xeral co conforme da secretaria xeral de data 23 de setembro de 2022, (CVD: IBFetr4F23X+elzMCp0), no que, entre outras cousas se sinala:

«(...) Con data de 1 de setembro de 2022, rexistrouse de entrada, ao número 202299900004736, escrito da empresa adxudicataria solicitando a continuidade do servizo e, polo tanto, a prórroga do contrato por un ano máis. Non obstante, o segundo parágrafo da cláusula IV do contrato establece de forma clara que o contrato poderá prorrogarse “previo acordo do órgano de contratación adoptado ao menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”: (...),

(...) a xuízo da técnica que subscribe, tendo en conta que o contrato finaliza o vindeiro 13 de outubro de 2022 e, dadas as datas nas que nos atopamos, resulta imposible dar cumprimento ao establecido no parágrafo segundo da cláusula contractual IV, polo que **se informa desfavorablemente a prórroga do contrato** para a execución do servizo de “Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na casa da xuventude - Casa das Palmeiras do Concello de Cambre” (expediente TEdC 2020/C004/000004) e advírtese ao responsable do contrato que as prórrogas dos contratos poden acordarse de oficio »

Visto o informe complementario á prórroga da anualidade, emitido con data 4 de outubro de 2022 polo coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude, (CVD: dfXmP2IMdG63cXfrtmFX), no que entre outros aspectos indicase que:

«(...) Considerando que a Lei 9/2017, 8 novembro, de Contratos do Sector Público, no relativo a prórroga, establece no art. 29.2 un preaviso menor de antelación á finalización do prazo de duración do contrato ao referido na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, polo que nos atopamos co inconveniente de dar cumprimento ao referido en dita cláusula. Non obstante, dado que a finalización da relación contractual da parte principal será o 13 de outubro de 2022 e que a empresa adxudicataria solicitou a continuidade do servizo 43 días antes de expirar o contrato, considerando que estamos ante un servizo relevante que afecta a razóns e competencias de interese público. Solicito continuar ca tramitación da prórroga da anualidade 2023 por razóns de economía procesal e seguridade xurídica na prestación do servizo.(...)»

Visto o informe de fiscalización, número 381/2022- REPARO 124 R emitido polo interventor municipal con data de 04 de outubro 2022, (CVD: dfXmP2IMdG63cXfrtmFX), no que informa desfavorablemente sen efectos suspensivos.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Acordar a prórroga á anualidade 2023, do contrato para o servizo de “Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na casa da xuventude - Casa das Palmeiras”.

Exp: 2020/C004/000004.

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos departamentos municipais de Cultura, Deportes e Xuventude, a Intervención municipal, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de outubro de 2022 (CVD: QLtfFHYIiGOOBmvdE4a), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA ÁRTABRA COMUNICACIÓN, S.L. ADXUDICATARIA DO “SERVIZO DE GABINETE DE COMUNICACIÓN PARA O CONCELLO DE CAMBRE”. EXPEDIENTE 2015/C004/000010**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de outubro de 2022 (CVD: IYLAkCGZVi5m1vuffHKX), relativa á devolución da garantía definitiva do servizo de gabinete de comunicación para o Concello de Cambre, expediente 2015/C004/000010, que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 14.03.2016, formalizouse o contrato do “Servizo de gabinete de comunicación para o Concello de Cambre”, cun prazo de execución de 2 anos desde a súa sinatura, prorrogable por outros dous máis dende dita data, logo do acordo do órgano de contratación, adoptado con tres meses de antelación á finalización do contrato principal.

Expediente 2015/C004/000010

Visto que no antedito expediente depositouse unha Garantía definitiva prestada mediante aval depositado na Tesourería municipal con data 12.02.2016 por importe de 6.160,00 euros con núm. de rexistro 640. para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola xefa da Unidade de Réxime Interior, con data do 30 de agosto de 2022, (CVD: X2F9kYCgJtCASs8I7nPF).

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 05/10/2022, (CVD: Yxrl5IfBMT/Z86dw0PNf)

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Artabra Comunicación, S.L.”, con CIF B70408869 e enderezo na Rúa Merced, 75 B- 2º D-A Coruña, no expediente número 2015/C004/000010, para o “Servizo de gabinete de comunicación para o Concello de Cambre”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de outubro de 2022 (CVD: IYLAkCGZVi5m1vuffHKX), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 30 de setembro ao 6 de outubro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1702/2022 e rematan coa Resolución da Alcaldía núm. 1732/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1702/2022	30-09-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de outubro de 2022
1703/2022	30-09-2022	Baixa de J.M.M.C. como condutor asalariado adscrito á licenza de taxi número 19
1704/2022	30-09-2022	Licenza de primeira ocupación para vivenda sita en Lendoiro – Cambre. Promotor: M.S.O.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1705/2022	30-09-2022	Baixas do Padrón Municipal de Habitantes do mes de agosto de 2022
1706/2022	30-09-2022	Autorización de venda ambulante ocasional de castañas
1707/2022	30-09-2022	Aprobación da solicitude de subvención para a prórroga da contratación da AEDL
1708/2022	03-10-2022	Avocación de competencias de dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social os días 6 e 7 de outubro de 2022
1709/2022	03-10-2022	Orde de execución en terreo con maleza sito en Brexo. Propietarios: V.V.E. (herdeiros de E.A.C.).
1710/2022	03-10-2022	Autorización ao titular da licenza de taxi número 26 para substituír o vehículo.
1711/2022	03-10-2022	Adxudicación de contrato Menor: Subministración de Equipos de Protección Individualizada (EPIs) para o Obradoiro de Emprego PROXEDIS-Cambre 2022-2023
1712/2022	03-10-2022	XXX Semana de Micoloxía 2022
1713/2022	03-10-2022	Baixa no Padrón Municipal de Habitantes de M.N.N.V., D.F.D.G. e G.D.N.
1714/2022	03-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a L.J.H.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1715/2022	03-10-2022	Baixa do Padrón Municipal de Habitantes de J.D.M.E.
1716/2022	04-10-2022	Programa O Verán Xa Está Aquí; Campamento de Maiores, do 1 ao 12 de agosto
1717/2022	04-10-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 119.634,19 euros
1718/2022	04-10-2022	Programa O Verán Xa Está Aquí; Campamento de Pequenos, do 18 ao 23 de agosto
1719/2022	04-10-2022	Celebración voda civil o día 8 de outubro de 2022 ás 13 horas.
1720/2022	04-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 88.837,08 €
1721/2022	04-10-2022	Baixa do Padrón Municipal de Habitantes de T.A.R.G.
1722/2022	04-10-2022	Baixa do Padrón Municipal de Habitantes de R.R.A.
1723/2022	05-10-2022	Tramitación de multas - 9950000027025 Acordos de inicio
1724/2022	05-10-2022	Tramitación de multas - 9950000027024 Acordos de inicio
1725/2022	05-10-2022	Expediente de reposición da legalidade urbanística pola construción dun alpendre de bloques de formigón e unha soleira de formigón en parcela sita en San Lourenzo de Meixigo, Cambre. Propiedade: J.L.M.M.
1726/2022	05-10-2022	Reposición da legalidade urbanística pola existencia dunha grella con cheminea e a reforma dunha construción auxiliar, sen título habilitante, en terreo sito no Pombo, Pravio. Propietarios: M.I.C.R. e J.L.S.L.
1727/2022	05-10-2022	Solicitude de subvención ao abeiro Resolución de 23 de agosto de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022.
1728/2022	05-10-2022	Nomeamento de conserxe interino de instalacións deportivas por substitución de D.F.P.
1729/2022	06-10-2022	Reposición da legalidade urbanística pola realización de movementos de terras en parcela sita en Sarnoso – Brexo. Propietarios: A.F.P., M.C.P.M.,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		G.F.P. e J.B.F.A.
1730/2022	06-10-2022	Aprobación de actividades de animación á lectura
1731/2022	06-10-2022	Asignación de número de policía a vivendas sitas en Roncesvales, Brexo.
1732/2022	06-10-2022	Aprobación da xestión padroal altas do mes de setembro 2022

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do contrato para a obra de Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña) a prol do licitador Construcciones Pan y Díaz SL. Expte: 2022/C003/000008
- Proposta de adjudicación da obra de "Arranxo e posta en valor do camiño municipal núm. 125 (Camiño inglés). Expediente 2022/C003/000007

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade.

### **5.A) PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A OBRA DE REPOSICIÓN E AMPLIACIÓN DE HIDRANTES DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NO P.I. DE ESPÍRITU SANTO, CECEBRE. CAMBRE (A CORUÑA) A PROL DO LICITADOR CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ SL. EXPTE: 2022/C003/000008**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de outubro de 2022 (CVD: aBUTwEZ00r1uv/jd18eo), relativa á adjudicación da obra de reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre, Cambre, que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co núm. 2022/C003/000008 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), do contrato para a obra de Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no PI de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña), cun valor estimado de 50.416,49 euros e un orzamento base de licitación de 45.833,18 euros sen IVE, 55.458,15 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente expediente, reunido con data 7.09.2022, respecto das ofertas presentadas neste procedemento; así como a proposta de adjudicación formulada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador Construcciones Pan y Díaz SL.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral (CVD: 5uf4W0XfLx373Pywp9Eb), que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización emitido polo interventor municipal (CVD: iwK5MCGjXJY8IGv6D7am).

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

- BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas SL
- Construcciones Pan y Díaz SL
- Esqueiro SL
- Excavaciones y Canalizaciones Conde SL
- IAM Rumbo Instalaciones y Obras SL
- Jardinería Arce SL

**Segundo:** Aprobar, de conformidade coa proposta formulada con data 7.09.2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 15.3 do PCAP e o límite para a determinación das ofertas consideradas como anormalmente baixas, establecido en **45.374,71** euros IVE incluído, non atopándose nesta circunstancia ningunha das proposicións admitidas:

Licitadores	Prezo IVE	sen IVE 21%	Prezo total	Puntos	Garantía total (anos)	Incremento sobre o mínimo (1 ano)	Puntos	Total
BCNR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	43.588,57 €	9.153,60 €	52.742,17 €	69,82	5	4	20	89,82
CONSTRUCCIONES PAN Y DIAZ SL	38.041,54 €	7.988,72 €	46.030,26 €	80,00	5	4	20	100,00
ESQUEIRO SL	43.151,94 €	9.061,91 €	52.213,85 €	70,53	5	4	20	90,53
EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE SL	43.266,52 €	9.085,97 €	52.352,49 €	70,34	2	1	5	75,34
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL	40.700,00 €	8.547,00 €	49.247,00 €	74,77	5	4	20	94,77
JARDINERIA ARCE SL	41.249,85 €	8.662,47 €	49.912,32 €	73,78	5	4	20	93,78

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade coa proposta formulada con data 7.09.2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, a seguinte orde decrecente de clasificación das ofertas admitidas:

Orde	Licitadores	TOTAL
1º	CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ SL	100
2º	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL	94,77
3º	JARDINERIA ARCE SL	93,78
4º	ESQUEIRO SL	90,53
5º	BCNR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	89,82
6º	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE SL	75,34



**Cuarto:** Adxudicar, de conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data 7.09.2022, a obra de Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no PI de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña) a prol do licitador **Construcciones Pan y Díaz SL**, con NIF B15021116, no prezo ofertado de 38.041,54 euros sen IVE, 46.030,26 € euros IVE incluído, por ser a oferta mellor valorada en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 15.3 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa; isto, de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxas da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos.

**Quinto:** De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6.g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a sinatura da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Sexto:** Désígnase como directora da obra á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notificar á responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de outubro de 2022 (CVD: aBUTwEZ00r1uv/jd18eo), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **5.B) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “ARRANXO E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO MUNICIPAL NÚM. 125 (CAMIÑO INGLÉS). EXPEDIENTE 2022/C003/000007**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de outubro de 2022 (CVD: 3DV1zKEBkhvwd9svfaKj), relativa á adxudicación da obra de arranxo e posta en valor do camiño municipal núm. 125 (Camiño Inglés), que transcrita di:

### **«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

1.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día catorce de xuño de dous mil vinte e dous, aprobou o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000007, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés).
- Orzamento base de licitación:	Base imponible: 40.495,87 € Importe IVE (21%): 8.504,13 € Total: <b>49.000.00 €</b>
- Valor estimado:	Base imponible: 40.495,87 € 10 % (Modificacións previstas de proxecto): 4.049,59 Total VALOR ESTIMADO: <b>44.545,46 €</b>
- Prazo de execución:	4 meses

2.- Con data 15 de xuño de 2022 publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, abrindo un prazo de presentación de ofertas ata o 30 de xuño de 2022.

3.- Con data 1 de xullo de 2022 abríronse as ofertas presentadas, co seguinte resultado:

ORDE	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	ESTABILIDADE NO EMPREGO	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL	50	35	15	100
2º	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA, SL	47,10	0	15	62,10
3º	MANTIDO, SL	12,90	26,92	0	39,82

4.- Con data 5 de xullo de 2.022 efectuouse requirimento da documentación previa á adxudicación ao licitador “ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL”.

Con data 14 de xullo de 2.022 preséntase escrito polo representante da mercantil ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L., onde se indica:

*“(…) El trabajador de la Empresa que realiza los trabajos de pavimentos de hormigón, partida que supone el 60,91% del total de la obra, se ha puesto enfermo y afronta una baja de un periodo de tiempo largo, no siendo posible debido a las circunstancias actuales que estamos a padecer, contratar a otro trabajador que supla al que está de baja por parte de la Empresa. Por todo lo expuesto, con el afán de no retrasarles sus intereses ni generarles perjuicio alguno, procedemos a indicarles que se nos hace imposible el poder ejecutar la obra nombrada en el encabezamiento, en la que hemos sido propuestos como adjudicatarios, esperando sepan comprender las razones expuestas (…).”*

**5.-** Con data 29 de agosto de 2.022 efectuouse requirimento da documentación previa á adxudicación ao licitador “VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA, SL”.

Con data 5 de setembro de 2.022 preséntase escrito polo representante da mercantil VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA, SL, onde se indica:

*“(…)”*

*Que durante estos últimos días, hemos sido adjudicatarios de un gran número de obras como licitadores, lo que ha motivado el agotamiento de la línea de avales que nos ha sido imposible aumentar en un periodo de tiempo tan corto.*

*Por lo expuesto, se nos hace imposible el poder ejecutar la obra nombrada en el encabezamiento”.*

**6.-** Segundo o artigo 150.2 da LCSP:

*“(…)”*

*De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose a exigirle el importe del 3 por ciento del presupuesto base de licitación, IVA excluido, en concepto de penalidad, que se hará efectivo en primer lugar contra la garantía provisional, si se hubiera constituido, sin perjuicio de lo establecido en la letra a) del apartado 2 del artículo 71.*

*En el supuesto señalado en el párrafo anterior, se procederá a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas”.*

Non obstante, segundo o artigo 158, nos seus apartados 2 e 4 da LCSP:

*“2. Cuando para la adjudicación del contrato deban tenerse en cuenta una pluralidad de criterios, o utilizándose un único criterio sea este el del menor coste del ciclo de vida, el plazo máximo para efectuar la adjudicación será de dos meses a contar desde la apertura de las proposiciones, salvo que se hubiese establecido otro en el pliego de cláusulas administrativas particulares.*

*(…)”*

*4. De no producirse la adjudicación dentro de los plazos señalados, los licitadores tendrán derecho a retirar su proposición, y a la devolución de la garantía provisional, de existir esta”.*

A este respecto, resulta de especial interese a Resolución nº 165/2019, 8 de maio, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid, en cuio fundamento xurídico quinto se dispón:

*“... el mero transcurso del plazo de dos meses sin adjudicar el contrato tras la apertura de las proposiciones tanto en la redacción vigente como en la anterior es causa suficiente de justificación para poder retirar la proposición y, con ello la garantía, no existiendo límite temporal o condición para ejercer este derecho. En el TRLCSP se contenía la misma disposición sobre posibilidad de retirar las proposiciones, sin sujeción a plazo o condición.*

(...)

*En definitiva, no puede compartirse la argumentación del Ayuntamiento de que no podía retirar su proposición y con ella la garantía, porque estaba vigente cuando es requerido para presentar la documentación, habida cuenta la Ley no establece límite o plazo para hacerlo. Establece el día a partir del cual puede retirarse, pero no fecha final para hacerlo. Este derecho constituye una excepción a la obligación de mantener la garantía provisional hasta la formalización del contrato, careciendo de sentido en otro caso.*

(...)”.

No presente expediente, as comunicacións efectuadas polos dous licitadores con maior puntuación deben equipararse a unha retirada da oferta xa que, ademáis de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adjudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da LCSP.

Do momento no que tal retirada da oferta se produciu derívanse diferentes consecuencias para cada un dos dous licitadores afectados.

Así, procede a imposición da penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído (1.214,88 euros) ao licitador ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL, por ter retirado a súa oferta dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas (do 1 de xullo ao 1 de setembro de 2.022); isto, en aplicación dos transcritos artigos 150.2 e 158.2 e 4 da LCSP.

A *contrario sensu*, non procede a imposición da dita penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, ao licitador VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA, SL, por ter retirado a súa oferta unha vez transcorrido o prazo de dous meses dende a apertura das ofertas.

7.- Con data 9 de setembro de 2022 efectúase requirimento de documentación previa á adjudicación ao licitador “MANTIDO SL”, conforme á cláusula 16 do PCAP.

Con data 20 de setembro de 2.022, o licitador “MANTIDO SL” presenta a documentación requirida. Examinada a dita documentación, a xuízo da técnica que subscribe, aténdese debidamente, e en prazo, o requirimento efectuado en tanto que acredita a súa personalidade e capacidade para formular oferta, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, tanto na data final de presentación de ofertas (30 de xuño de 2022) como no momento actual, constando declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar.

Constan no expediente certificados de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público da empresa “MANTIDO SL”.

Consta informe da enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal (CVD: lyvmXPj8S9Yuo1JwhExl) no que di: *“Revisada la documentación presentada por la empresa el día 20 de septiembre de 2022, desde el punto de*

vista de la técnica que suscribe, a falta de aclaración del compromiso de adscripción del encargado de las obras por ser autónomo, para el resto de los medios personales y materiales, se acredita la suficiencia”.

Consta compromiso de adscripción do encargado da obra presentado con data 6 de outubro de 2022 polo adxudicatario, en resposta ao requerimento de subsanación remitido.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral (CVD: pkJ4WrPB7VK6aWWhdRM0), que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización emitido polo interventor municipal (CVD: nnzlfA5YNG61wTp8ktip ).

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

- ASFALGAL Técnicas Viarias SL
- Vías e Servizos Compostela SL
- Mantido SL

**Segundo:** Aprobar, de conformidade coa proposta formulada con data 1 de xullo de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, a seguinte valoración por orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas polos licitadores admitidos, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP; así como o límite para a determinación das ofertas consideradas como anormalmente baixas, que queda establecido en **36.572,87** euros IVE incluído, non atopándose nesta circunstancia ningunha das proposicións admitidas:

ORDE	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	ESTABILIDADE NO EMPREGO	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ASFALGAL Técnicas Viarias SL	50	35	15	100
2º	Vías e Servizos Compostela SL	47,10	0	15	62,10
3º	Mantido SL	12,90	26,92	0	39,82

**Terceiro:** Excluir, de conformidade coa proposta formulada con data 29 de agosto de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, á empresa **ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL** da presente licitación (expediente núm. 2022/C003/000007) para adxudicar o contrato do *Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)*, atendendo ao seu escrito presentado con data de 14 de xullo de 2022 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro prazo concedido para a presentación da documentación xustificativa prevista da cláusula 16 do PCAP, previa á adxudicación do contrato, no que comunica “[...] que se nos fai imposible o poder executar a obra nomeada no encabezamento, na que fomos propostos como adxudicatarios [...]”.

O citado escrito debe equipararse a unha retirada da oferta xa que, ademais de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adxudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento

efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da LCSP, polo que procede a imposición da penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído (1.214,88 euros), por ter retirado a súa oferta dentro do prazo de dous meses dende a apertura das ofertas (do 1 de xullo ao 1 de setembro de 2.022); isto, en aplicación dos transcritos artigos 150.2 e 158.2 e 4 da LCSP.

**Cuarto:** Excluir, de conformidade coa proposta formulada con data 6 de setembro de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, á empresa *VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL* da presente licitación (expediente núm. 2022/C003/000007) para adxudicar o contrato do *Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)*, atendendo ao seu escrito presentado con data 5 de setembro de 2022 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro prazo concedido para a presentación da documentación xustificativa prevista da cláusula 16 do PCAP, previa á adxudicación do contrato, no que comunica “[...] *que durante estes últimos días, fomos adxudicatarios dun gran número de obras como licitadores, o que motivou o esgotamento da liña de avais que nos foi imposible aumentar nun período de tempo tan curto. Polo exposto, fáisenos imposible o poder executar a obra nomeada no cabezalito [...]*”.

O citado escrito debe equipararse a unha retirada da oferta xa que, ademais de manifestar de forma expresa a súa vontade de non executar a obra adxudicada, non se cumprimentou, nin en todo nin en parte, o requirimento efectuado ao amparo da cláusula 16 do PCAP e do artigo 150.2 da LCSP, non procedendo a imposición da penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído (1.214,88 euros), por ter retirado a súa oferta unha vez transcorrido o prazo de dous meses dende a apertura das ofertas (do 1 de xullo ao 1 de setembro de 2.022).

**Quinto:** Adxudicar, de conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data 6 de setembro de 2022, a obra de *Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)*, expediente 2022/C003/000007, a prol do licitador **MANTIDO SL**, con NIF B15819642, no prezo ofertado de 40.062,56 euros sen IVE, **48.475,70 € euros IVE incluído**, por ser a oferta mellor valorada, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa; isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adxudicataria (determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación) atópanse, ademais de na baixa económica ofertada, na porcentaxe de traballadores fixos respecto ao total da empresa (76,92%).

**Sexto:** De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6.g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Sétimo:** Designar como directora da obra á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notificar ao responsable do contrato mais á Intervención Municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de outubro de 2022 (CVD: 3DV1zKEBkhvwd9svfaKj), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo